

alegados deberán presentarse en calquera dos rexistros do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, dirixidas ao xerente do complexo hospitalario,

no prazo de quince (15) días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Así mesmo, poderán presentarse a través de calquera dos rexistros previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Vigo, 22 de xuño de 2009.

Francisco Soriano Paredes
Xerente do Complexo Hospitalario Universitario
de Vigo

ANEXO

Denominación do posto: xefe da Sección da Área de inmovilizado do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo.

Grupo de clasificación: C ou D.

Nº de vacantes: 1.

Resolución do 22 de xuño de 2009, da Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, pola que se anuncia convocatoria pública para a provisión, polo sistema de concurso de méritos, dun posto de xefatura de persoal de xestión e servizos-xefe de grupo da Área de Facturación.

De conformidade co establecido no Decreto 2006/2005, do 22 de xullo (DOG nº 145, do 29 de xullo), de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, e na Orde do 24 de maio de 2006 (DOG nº 106, do 5 de xuño), pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 311/2009, do 28 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, e a Orde do 15 de xuño de 2009 (DOG nº 119, do 19 de xuño), sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde, a Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo,

RESOLVE:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de concurso de méritos, un posto vacante de xefe de grupo da Área de Facturación do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, segundo se especifica no anexo desta resolución.

Segundo.-As bases da citada convocatoria estarán expostas nos taboleiros de anuncios das oficinas de

persoal do complexo hospitalario e na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es).

Terceiro.-As solicitudes e a documentación anexa que conteña a xustificación dos requisitos e méritos alegados deberán presentarse en calquera dos rexistros do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, dirixidas ao xerente do complexo hospitalario, no prazo de quince (15) días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Así mesmo, poderán presentarse a través de calquera dos rexistros previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Vigo, 22 de xuño de 2009.

Francisco Soriano Paredes
Xerente do Complexo Hospitalario
Universitario de Vigo

ANEXO

Denominación do posto: xefe de grupo da Área de Facturación do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo.

Grupo de clasificación: C ou D.

Nº de vacantes: 1.

Resolución do 22 de xuño de 2009, da Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, pola que se anuncia convocatoria pública para a provisión do posto de xefatura de persoal facultativo xefe da Sección de Reprodución Asistida e Fecundación In Vitro.

De conformidade co establecido no Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG nº 145, do 29 de xullo), de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, e na Orde do 24 de maio de 2006 (DOG nº 106, do 5 de xuño), pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 311/2009, do 28 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde e da Orde do 15 de xuño de 2009 sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde (DOG número 119, do 19 de xuño), a Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo,

RESOLVE:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo procedemento de avaliación colexiada, o posto de traballo que se cita no anexo desta resolución.